



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



FORMACIÓN
PROFESIONAL

Manual da aplicación Proens. Ensinanzas de Formación Profesional.

Versión Proens 2.5.0

Setembro 2025

Índice

1. Introducción.....	3
2. Primeiros pasos con PROENS	4
2.1. Como utilizar a aplicación web	4
2.2. Identificación do usuario	4
2.3. Pantalla inicial e menú.....	5
3. Submenú de programación.....	6
4. Elaboración ou consulta dunha programación.....	7
5. Alta dunha programación de centro, de novas versións ou de borradores (ver anexo 1)	9
5.1. Alta dunha nova programación (ver anexo 2)	9
5.2. Alta dunha nova versión da programación	10
5.3. Creación dun borrador da programación de centro (ver anexo 3)	11
6. Elaboración da programación de centro	13
Apartado 1.1 Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.....	17
Apartado 2.1 Relación e secuencia de unidades didácticas.....	17
Apartado 2.2 Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas	19
Apartado 3.1 Deseño das unidades didácticas: relación e secuencia de actividades.....	21
Apartado 3.2 Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades	22
Apartado 3.3 Deseño das unidades didácticas: avaliación	23
Apartado 4.1 Deseño das actividades	25
Apartado 5.1 Procedemento de avaliación inicial.....	26
Apartado 6.1 Criterios de cualificación e recuperación	27
Apartado 6.2 Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	28
Apartado 6.3 Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	29
Apartado 7.1 Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.....	30
Apartado 8.1 Programación da educación en valores.....	31
Apartado 9.1 Actividades complementarias e extraescolares.....	32
Apartado 10.1 Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.....	33
Apartado 11.1 Outros apartados	34
7. Pechamento da programación	35
8. Consultar unha programación	37
9. Creación da programación de empresa.....	39
9.1. Alta programación de empresa.....	39
9.2. Elaboración da programación de empresa	41
Apartado 1. Resultados de aprendizaxe que se comparten coa empresa	41

Apartado 2. Proposta de actividades na empresa (opcional)	42
Apartado 3. Relacionar alumnado.....	43
10. Seguimento da programación	48
10.1. Seguimento por unidades didácticas e actividades	50
10.2. Seguimento final e resultados de avaliación final	52
Anexos	54

1. Introducción

Este manual ten por obxectivo servir de referencia técnica sobre o uso da plataforma PROENS para a elaboración de programacións de módulos e ámbitos dos graos D e E de formación profesional. Non recolle de xeito detallado o proceso de elaboración da programación nin inclúe as mellores prácticas ou recomendacións para elaborar unha boa programación.


Os apartados/elementos que figuran na aplicación e que será necesario cubrir en PROENS para a elaboración dunha programación son os seguintes (ver apartado 6 deste manual):

Elementos
▪ 1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.
▪ 2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas
▪ 2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.
▪ 3.1. Deseño das unidades didácticas: relación e secuencia de actividades
▪ 3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.
▪ 3.3. Deseño das unidades didácticas: avaliación
▪ 4.1. Deseño das actividades.
▪ 5.1. Procedemento de avaliación inicial.
▪ 6.1. Criterios de cualificación e recuperación
▪ 6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
▪ 6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua
▪ 7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.
▪ 8.1. Programación da educación en valores.
▪ 9.1. Actividades complementarias e extraescolares.
▪ 10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.
11.1. Outros apartados.

2. Primeiros pasos con PROENS

2.1. Como utilizar a aplicación web

A aplicación PROENS é unha aplicación web, é dicir, alóxase nun servidor remoto que é accesible desde os nosos equipamentos usando un navegador calquera (Firefox, Chrome...), a través do enderezo <https://www.edu.xunta.es/proens/>




2.2. Identificación do usuario

Premendo na icona verde de entrada da parte superior dereita  a aplicación presenta a páxina de identificación do usuario, na que debe introducir o seu nome de usuario do correo de **educación** (conta de usuario) e o correspondente contrasinal. Tamén pode usar Chave 365 escollendo esa opción no desplegable, ou con certificado dixital.



2.3. Pantalla inicial e menú

Unha vez identificados na aplicación, preséntase a páxina inicial que permite seleccionar a operación que se desexe realizar. Dependendo do perfil de usuario, a aplicación ha presentar un conxunto de opcións.



Nesta pantalla figuran os elementos característicos da interface:

- **Unha banda lateral** á esquerda na que se presentan os menús da aplicación e as súas opcións. Esta banda pódese ocultar premendo na icona de tres raías horizontais que hai ao lado do nome da aplicación (Proens). A opción seleccionada figurará en cor negra e as opcións dispoñibles aparecerán en cor azul.

Non cubrir os menús de Concreción curricular e Avaliación de competencias.

- **A icona vermella**  da parte superior dereita serve para entrar e saír da aplicación. Esta icona presenta cor vermella durante o funcionamento da aplicación para indicar que ao premer nela o sistema pecha a sesión e abandona a aplicación. A cor verde informa de que se está fóra da aplicación. Á esquerda da icona vermella ha aparecer o nome do/a usuario/a conectado/a.
- **Un conxunto de iconas de sistema** que proporcionan funcións globais (acceso aos informes, por exemplo). Para identificar as funcións basta con situar o apuntador do rato sobre elas para que o sistema amose un rótulo descritivo.



- **Unha zona** central na que se pode consultar este mesmo manual e a normativa de referencia.

3. Submenú de programacións

Premendo en **Programacións**, no menú do lateral esquerdo, para o perfil de usuario/a docente hai dúas opcións:

- **Elaboración:** para elaborar as programacións dos módulos correspondentes.
- **Seguimento:** para realizar o seguimento das programacións dos módulos que imparte cada docente.
- No caso dos/das xefes/as de departamento ou do equipo directivo adicionalmente figurará a opción, **Supervisión:** para supervisar a programación doutros docentes.

Inicio

Programacións

Elaboración

Seguimento

Concreción curricular

Avaliación competencias

Buzón de informes

Acceso público

Busca de programacións

Nesta pantalla poderá consultar as súas programacións. Poderá ver as programacións correspondentes ás materias que imparte en algún grupo (grupos nos que conste asociado en XADE)

Filtros para a busca

Ano académico

Centro

2024/2025

IES As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña)

Tipo de programación

Programación LOOIFP

Buscar

Limpar

Tipo de programación	Grupo	Tipo de oferta	Materia/Módulo/ Ámbito	Versión	Curso/Ciclo formativo	Tipo de versión	Data última modificación	Estado Modalidade	Opcións
Non se atoparon elementos.									

4. Elaboración ou consulta dunha programación

Con independencia de que o obxectivo sexa elaborar ou consultar unha programación de centro debemos ir ao menú **Programacións** á opción **Elaboración**, que dá acceso á pantalla de **Busca de programacións**.

Completaranse nos despregables dos **Filtros para a busca** os valores de *Ano académico* e *Centro*, e escollerase como **Tipo de programación** o tipo **Programación LOOIFP**.

Ao premer o botón laranxa **Buscar**, listaranse os módulos/ámbitos nos que a/o docente teña atribución para realizar a programación (**dato importado de Xade**: ao inicio de cada curso académico os centros deben realizar en Xade a configuración do profesorado encargado de impartir o módulo/ámbito e a través do menú Alumnado > Grupos > Grupos simples > Materias). Sen esta asignación realizada en Xade non é posible realizar unha programación.

Busca de programacións

Nesta pantalla poderá consultar as súas programacións. Poderá ver as programacións correspondentes ás materias que imparte en algún grupo (grupos nos que conste asociado en XADE).

[FP: Accións dispoñibles nas programacións LOOIFP.](#)

Filtros para a busca

Ano académico: 2025/2026 Centro: IES As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña) Tipo de programación: Programación LOOIFP

Buscar **Limpar**

4 elementos atopados, amosando todos os elementos.

Tipo de programación	Grupo	Tipo de oferta	Materia/Módulo/Ámbito	Versión	Curso/Ciclo formativo	Tipo de versión	Data última modificación	Estado	Modalidade	Informes	Opcións
Programación LOOIFP	A	Réxime xeral-ordinario	MP0655 - Xestión lóxística e comercial	1	D3ADG0001 (GS) - Administración e finanzas	Oficial	05/08/2025	Pechada	Presencial		
Programación LOOIFP	A	Réxime xeral-ordinario	MP0655 - Xestión lóxística e comercial	2	D3ADG0001 (GS) - Administración e finanzas	Borrador	05/08/2025	En elaboración	Presencial		
Programación LOOIFP	A	Réxime xeral-ordinario	MP0663 - Xestión avanzada da información	1	D3ADG0002 (GS) - Asistencia á dirección	Oficial	06/08/2025	Lista para pechar	Presencial		
Programación LOOIFP	A	Réxime xeral-ordinario	MP0663 - Xestión avanzada da información	2	D3ADG0002 (GS) - Asistencia á dirección	Oficial	05/08/2025	En elaboración	Presencial		

Para cada módulo veremos a seguinte información:

- **Tipo de programación:** sempre se escollerá Programación LOOIFP.
- **Grupo:** código do grupo, dato importado de Xade.
- **Tipo de oferta:** fai referencia ao tipo de oferta e réxime do grupo para o que se elabora a programación, dato importado de Xade.
- **Materia/módulo/ámbito.**
- **Versión:** número de versión da programación que se está a elaborar.
- **Curso/ciclo formativo.**
- **Tipo de versión:** pode ser Oficial ou Borrador.
- **Data da última modificación.**
- **Estado:**
 - *Sen elaborar:* non se iniciou a elaboración da programación nin se creou ningunha versión.

- *En elaboración:* creouse unha versión para iniciar a programación.
- *Lista para pechar:* a información achegada en todas as pantallas cumpre os criterios de formato de validación da aplicación.
- *Pechada:* o/a docente dá por entregada a programación de centro, e así pódese iniciar a fase de seguimento. Neste estado iníciase tamén a fase de supervisión.

• **Modalidade.**

- **Informes:** permite crear un documento pdf coa programación completa ou a versión para o alumnado.
- **Opcións:** amósanse as opcións dispoñibles para cada programación, que van depender do estado en que se atope. Pódese escoller unha das seguintes:

	Crear: permite dar de alta unha programación aínda non elaborada (versión 1) ou, se xa existe unha programación do módulo en estado en elaboración, dar de alta unha nova versión. Unha vez pechada a programación esta opción desaparece (ver apartados 5.1 e 5.2).
	Crear borrador; permite crear unha nova versión en modo borrador para a empregar como base o curso seguinte. Esta opción aparece unha vez pechada a programación (ver apartado 5.3).
	Modificar: permite a edición da programación. Ao pechar a programación definitiva, desaparece esta opción para a devandita versión.
	Ver detalle: presenta a información da programación elaborada ata o momento, pero sen poder modificar.
	Xerar informe: remite á caixa de informes para xerar un pdf coa programación completa.
	Xerar informe de alumnado: remite á caixa de informes para xerar un pdf coa versión da programación para o alumnado.
	Crear programación de empresa: permite crear a(s) programación(s) de empresa asociada(s) á programación do módulo (ver apartado 9).

5. Alta dunha programación de centro, de novas versións ou de borradores (ver [anexo 1](#))

Tal e como se indicou no apartado anterior, a aplicación permite:

- **Dar de alta unha nova programación para un módulo/ámbito:** usarase a principios de curso para crear as programacións dos nosos módulos/ámbitos. Partirase dunha programación "sen elaborar".
- **Dar de alta unha nova versión da programación para un módulo/ámbito:** crea unha nova versión da programación do módulo/ámbito. Partirase dunha programación en estado "en elaboración". Isto permite traballar con varias versións da programación ata decidir cal será a opción definitiva.
- **Crear un borrador de traballo dunha programación, que será recuperable no curso seguinte:** usarase ao longo do curso para introducir cambios ou probas que poidan ser de utilidade no futuro. Partirase dunha programación "pechada".

En todos os casos accederase a través da pantalla de **Busca de programacións** (ver apartado 4: Elaboración ou consulta dunha programación).

5.1. Alta dunha nova programación (ver [anexo 2](#))

Accederase á alta de novas programacións a través da pantalla de **Busca de programacións** (ver apartado 4: Elaboración ou consulta dunha programación). Na listaxe de módulos/ámbitos elixir aquel para o que se desexe elaborar a programación, que estará en estado "sen elaborar", e premer o correspondente botón **Crear**. Como resultado amosarase a pantalla de **Alta Programación LOOIFP**:

Alta Programación LOOIFP

Nesta pantalla poderá dar de alta programacións. Bastará con seleccionar o tipo de programación que vai a crear e premer en gardar.

Datos da programación

Centro IES As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña) (15027058)	Ano académico 2025/2026	Grupo A	Tipo de oferta Régime xeral-ordinario
Estado Sen elaborar	Data de alta 05/08/2025	Modalidade Presencial	Régime dual Xeral
Ensinanza Graos D: Ciclos formativos	Curso/Ciclo formativo D3ADG0002 (GS) - Asistencia á dirección	Materia/Módulo/Ámbito MP0663 - Xestión avanzada da información (2º)	Sesións semanais Horas anuais da sesión Duración Sesións anuais Sesións no centro
			248 50 298 155

Crear

Volver

Crear unha nova versión sen datos

Opcións

- ☒ Crear unha nova versión sen datos da Programación LOOIFP
- ☐ Crear programación "tipo" de LOOIFP (crea unha programación nova cunha unidade didáctica por cada resultado de aprendizaxe definido no currículo)

Na parte superior da pantalla amósase información:

- **Centro e ano académico.**
- **Grupo, tipo de oferta** (ordinaria ou modular) e **modalidade** (presencial ou a distancia).
- **Estado da programación** (sen elaborar, en elaboración, con erros ou pechada), **data de alta**, data da última modificación, versión (1, 2, 3...) e **tipo de versión** (oficial ou borrador) e **réxime**.
- **Ensinanza** (grao D ou E), **curso/ciclo formativo** (código e nome do ciclo formativo ou do curso de especialización) e **materia/módulo/ámbito** (código e nome do módulo).

Ademais recóllese información horaria, parte da cal se debe completar:

- **Número de sesións semanais**, que se debe completar.
- **Horas anuais** do módulo.
- **Duración das sesións**: será de 50 ou 60 minutos. Aparece por defecto pero é modificable.
- **Sesións anuais**, calculado en función das horas anuais e da duración das sesións.
- **Sesións no centro**, calculado en función das sesións anuais e do período de formación na empresa, que pola súa vez depende do tipo de oferta, do réxime e do curso. **Poderase modificar para o axustar ao período real de formación no centro educativo.**

Na parte inferior da pantalla terase que indicar como se vai crear a programación:

- **Crear unha nova versión sen datos da Programación LOOIFP.**
- **Crear programación Tipo de LOOIFP.** Crea unha programación tipo estándar cunha unidade didáctica por cada resultado de aprendizaxe definido no currículo. Posteriormente o/a docente poderá modificar, engadir ou eliminar unidades didácticas, e adaptar esta programación aos seus intereses.

A partir do **curso 2026-2027**, aparecerán tamén as opcións de:

- **Crear unha nova versión da programación a partir das programacións de centro educativo**, que recupera os datos das programacións do módulo/ámbito elaboradas e "pechadas" nese centro, con independencia da persoa docente.
- **Crear unha nova versión da programación a partir das miñas programacións**, que recupera os datos das programacións do módulo/ámbito elaboradas pola persoa docente no mesmo curso académico ou en cursos anteriores.
- **Crear unha nova versión da programación a partir dos meus borradores**, que recupera os datos do borrador da programación do módulo/ámbito elaborados pola persoa docente a partir dos cursos anteriores.

5.2. Alta dunha nova versión da programación

Accederase á alta de novas programacións a través da pantalla de **Busca de programacións** (ver apartado 4: Elaboración ou consulta dunha programación). Na listaxe de programacións identificarase aquela para a que se queira crear a nova versión, que estará en estado "en elaboración", e premerase o botón **Crear**.

Na parte inferior da pantalla terase que indicar como se vai crear a programación que incluírá as mesmas opcións que no apartado anterior

Como resultado crearase unha nova versión da programación. Deberase completar a información horaria do módulo e seleccionar como crear a programación, tal como se indica no apartado anterior, e pulsar o botón **Crear**.

Alta Programación LOOIFP

Nesta pantalla poderá dar de alta programacións. Bastará con seleccionar o tipo de programación que vai a crear e premer en gardar.

Datos da programación

Centro IES As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña) (15027058)	Ano académico 2025/2026	Grupo A	Tipo de oferta Régime xeral-ordinario	Modalidade Presencial
Estado Sen elaborar	Data de alta 05/08/2025	Tipo de versión Oficial	Régime dual Xeral	

Ensinanza	Curso/Ciclo formativo	Materia/Módulo/Ámbito	Sesións semanais anuais	Horas da sesión	Duración anuais	Sesións no centro
Graos D: Ciclos formativos	D3ADG0002 (GS) - Asistencia á dirección	MP0663 - Xestión avanzada da información (2º)		248	50	298

Crear **Volver**

Crear unha nova versión sen datos

Seleccionar

- ☐ Crear unha nova versión sen datos da Programación LOOIFP
- ☒ Crear programación "tipo" de LOOIFP (crea unha programación nova cunha unidade didáctica por cada resultado de aprendizaxe definido no currículo)

5.3. Creación dun borrador da programación de centro (ver anexo 3)

Outra funcionalidade que ofrecerá PROENS será a de permitir crear un borrador de traballo dunha programación que será recuperable no curso seguinte.

Accederase á creación de novas programacións a través da pantalla de **Busca de programacións** (ver apartado 4: Elaboración ou consulta dunha programación). Na listaxe de programacións identificarase aquela para a que se queira crear o borrador de traballo, que estará en estado "pechada", e premerase o botón **Crear borrador**.

Busca de programacións

Nesta pantalla poderá consultar as súas programacións. Poderá ver as programacións correspondentes ás materias que imparte en algún grupo (grupos nos que conste asociado en XADE).

FP: Accións dispoñibles nas programacións LOOIFP.

Filtros para a busca

Ano académico: 2025/2026 Centro: IES As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña) Tipo de programación: Programación LOOIFP

Buscar **Limpar**

4 elementos atopados, amosando todos os elementos.

Tipo de programación	Grupo	Tipo de oferta	Materia/Módulo/Ámbito	Versión	Curso/Ciclo formativo	Tipo de versión	Data última modificación	Estado	Modalidade	Informes	Opcións
Programación LOOIFP	A	Régime xeral-ordinario	MP0655 - Xestión lóxística e comercial	1	D3ADG0001 (GS) - Administración e finanzas	Oficial	05/08/2025	Pechada	Presencial		  

Crear borrador

Como resultado crearase unha nova versión da programación (tipo borrador), que se poderá modificar:

Neste punto cómpre lembrar que en cada curso académico Proens e Xade se vinculan para informar dos módulos/ámbitos que están asignados a cada docente e que lle limitan as opcións dos módulos/ámbitos sobre os que se pode elaborar a programación de centro.

Xa que logo, no curso actual a opción de elaborar un borrador cínquese aos módulos/ámbitos e ao nivel que estean asignados a cada docente no curso actual (se un/unha docente quere elaborar a programación dun módulo/ámbito e un curso que non imparta no curso actual non poderá crear un borrador, xa que na aplicación Xade non consta como docente dese módulo/ámbito).

Na parte inferior da pantalla terase que indicar como se vai crear o borrador da programación, que incluírá as mesmas opcións que nos apartados anteriores.

Alta Programación LOOIFP

Nesta pantalla poderá dar de alta programación. Bastará con seleccionar o tipo de programación que vai a crear e premer en gardar.

Datos da programación

Centro: IES As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña) (15027058) Ano académico: 2025/2026 Grupo: A Tipo de oferta: Réxime xeral-ordinario Modalidade: Presencial

Estado: Sen elaborar Data de alta: 05/08/2025 Tipo de versión: Borrador Réxime dual: Xeral

Ensinanza: Curso/Ciclo formativo: Materia/Módulo/Ámbito: Sesións semanais: Horas anuais: 138 Duración da sesión: 50 Sesións anuais: 166 Sesións no centro: 86

Graos D: Ciclos formativos D3ADG0001 (GS) - Administración e finanzas MP0655 - Xestión lóxística e comercial (2º)

Crear **Volver**

Crear unha nova versión sen datos

☐ Crear unha nova versión sen datos da Programación LOOIFP

☐ Crear programación "tipo" de LOOIFP (crea unha programación nova cunha unidade didáctica por cada resultado de aprendizaxe definido no currículo)

Crear unha nova versión da programación a partir das miñas programacións.

Seleccionar

Ano académico	Centro	Docente	Tipo de programación	Materia	Tipo de oferta	Tipo de versión	Versión	Data última modificación	Estado
2025/2026	IES As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña)	Rodríguez Díaz, Julia	Programación LOOIFP	MP0655 - Xestión lóxística e comercial (ADMFIN)	Réxime xeral-ordinario	Oficial	1	05/08/2025	Pechada

No seguinte curso académico, no momento de elaborar a programación de centro oficial do módulo/ámbito, aparecerá entre o resto de opcións a posibilidade de partir da versión borrador.

6. Elaboración da programación de centro

Para a elaboración da programación de centro na aplicación PROENS pódese acceder de varias formas:

- Unha vez dada de alta, como se indicou no apartado 5.
- Con posterioridade, accedendo desde a pantalla de **Busca de programación** (ver apartado 4: Elaboración ou consulta dunha programación). Na listaxe de módulos identificarase aquel para o que se queira elabora a programación, que estará en estado "en elaboración", e premerase o botón **Modificar**

Modificar Programación

Nesta pantalla pode consultar toda a información da programación así como o detalle de elementos que a conforman. Poderá acceder ao detalle de cada elemento premendo nos enlaces dispoñibles na táboa.

Datos da programación

Centro IES As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña) (15027058)	Ano académico 2024/2025	Grupo A	Tipo de oferta Réxime xeral-ordinario	Modalidade Presencial
Estado En elaboración	Data de alta 10/06/2025	Data última modificación 27/06/2025	Versión 1	Tipo de versión Oficial
			Réxime dual Xeral	

Ensinanza	Curso/Ciclo formativo	Materia/Módulo/Ámbito	Sesións semanais	Horas anuais	Duración da sesión	Sesións anuais	Sesións no centro
Graos D: Ciclos formativos	D3ADG0002 (GS) - Asistencia á dirección	MP0663 - Xestión avanzada da información (1º)	9	248	50	298	155

Gardar
Eliminar
Pegar
Validar
Vista Preliminar
Volver

Elementos	Estado	Opcións
1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	Elaborado	
2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas	Elaborado	
2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.	Con erros	
3.1. Deseño das unidades didácticas: relación e secuencia de actividades	Elaborado	
3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.	Con erros	
3.3. Deseño das unidades didácticas: avaliación	Elaborado	
4.1. Deseño das actividades.	Elaborado	
5.1. Procedemento de avaliación inicial.	Elaborado	
6.1. Criterios de cualificación e recuperación	Elaborado	
6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	Elaborado	
6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	Elaborado	
7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.	Elaborado	
8.1. Programación da educación en valores.	Elaborado	
9.1. Actividades complementarias e extraescolares.	Elaborado	
10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.	En elaboración	
11.1. Outros apartados.	Elaborado	

En ambos os casos accédese á pantalla **Datos da programación**.

- Na parte superior amósase a seguinte información:
 - **Centro, ano académico e grupo.**
 - **Tipo de oferta** (ordinaria ou modular), **modalidade** (presencial ou a distancia) e **estado** (sen elaborar, en elaboración, lista para pechar ou pechada).
 - **Data de alta, data da última modificación**, número de **versión**, **tipo de versión** (oficial ou borrador) e **réxime dual** (xeral ou intensivo).

- **Ensinanza** (grao D ou E), curso e ciclo formativo (código e nome do ciclo formativo ou do curso de especialización), e **materia, módulo ou ámbito** (código e nome do módulo).
- Número de **sesións semanais** (editable), **horas anuais do módulo, duración das sesións** (editable), **sesións anuais** e **sesións no centro** (editable nalgúns casos). Cómpre ter en conta que os cambios nestes valores poden afectar outros apartados da programación.
- Na parte inferior amósase a relación de apartados/elemento para completar. Para cada un deles amosarase o seu estado e darase acceso ás opcións dispoñibles. Os posibles estados son os seguintes:

Sen elaborar	Aínda non hai datos introducidos.
En elaboración	Hai datos gardados, pero aínda non se validaron.
Elaborado	Os datos gardados están correctamente validados. Esta acción é reversible.
Con erros	Os datos gardados conteñen erros.

Os apartados da programación con asterisco (*) son de elaboración obrigatoria.

A pantalla permite realizar as seguintes **accións**:

- Nas **Opcións** de cada elemento da programación:
 - A **icona da lupa** permite consultar o apartado.
 - A **icona de modificar** permite acceder ao apartado para o editar.
- O botón **Gardar** permite gardar os datos da pantalla.
- O botón **Validar** permite validar que sexan correctos os datos contidos en todos os apartados da programación que figuren "en elaboración". Estas validacións son as mesmas que se poden realizar individualmente en cada apartado da programación. Usarase tipicamente antes de pechar a programación, para verificar que todo estea correcto.
- Como resultado da validación:
 - Se a validación é correcta ha aparecer un cadro verde na parte superior, sobre o cadro azul, coa mensaxe **Operación realizada con éxito.**
 - En caso de erro, na aplicación xorde a mensaxe **A programación non pasou as validacións** nun cadro vermello na parte superior, e na listaxe de elementos da programación aparecerá unha nova columna, **Erros atopados**, na que se detallarán os erros de cada apartado.

O botón **Pegar** permite pegar a programación (ver apartado 7:

Modificar Programación


A programación NON pasou as validacións. Pode consultar o detalle de erros na táboa de elementos da programación na parte inferior da pantalla

Nesta pantalla pode consultar toda a información da programación así como o detalle de elementos que a conforman. Poderá acceder ao detalle de cada elemento premendo nos enlaces dispoñibles na táboa de elementos.

Datos da programación

Centro	Ano académico	Grupo	Tipo de oferta	Modalidade
IES As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña) (15027058)	2024/2025	A	Réxime xeral-ordinario	Presencial
Estado	Data de alta	Data última modificación	Versión	Tipo de versión
En elaboración	10/06/2025	27/06/2025	1	Oficial
Réxime dual	Xeral			

Ensinanza	Curso/Ciclo formativo	Materia/Módulo/Ámbito	Sesións semanais	Horas anuais	Duración da sesión	Sesións anuais	Sesións no centro
Graos D: Ciclos formativos	D3ADG0002 (GS) - Asistencia á dirección	MP0663 - Xestión avanzada da información (1º)	9	248	50	298	155

Gardar
Eliminar
Pegar
Validar
Vista Preliminar
Volver

Elementos	Estado	Erros atopados	Opcións
* 1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	Elaborado		
* 2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas	Elaborado		


-Hai elementos do currículo da materia que non foron relacionados
--CA1.1 Elaborouse unha proposta de xestión administrativa dun proxecto acorde cos obxectivos que se pretendan con el
--CA1.2 Definíronse as tarefas que cumpran levar a cabo relacionadas co

- Pechamento da programación).
- O botón **Vista preliminar** amosa toda a información da programación de xeito continuo.
- O botón azul **Volver** permite volver á pantalla de **Busca de programación**.
- O botón vermello **Eliminar** permite eliminar a programación.

Nos seguintes apartados detállase como completar os apartados/elementos da programación de centro.

Apartado 1.1 Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Nesta pantalla desenvólvese a concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. Cubriranse os datos no editor de texto.



1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

[Datos da programación](#) → Despregable para consultar os datos da programación durante o proceso de edición

Ir ao apartado
1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás → Despregable para consultar e seleccionar os diferentes apartados da programación e /ou ir a o anterior ou ao seguinte

Descripción

Editor de texto para redactar o contido deste apartado

Caracteres (con HTML): 2168

Gardar **Validar e Gardar** **Volver**

Accións

- Redactar o texto correspondente no campo Descripción, cunha extensión máxima de 2.000 caracteres.
- O botón **Gardar** permite gardar os datos introducidos. É aconsellable realizar esta acción de cando en vez para non perder o xa redactado, porque a aplicación non garda por defecto.
- O botón **Validar e gardar** permite gardar os datos e ademais validar que sexan correctos.

Como resultado da validación:

- Se a validación é correcta ha aparecer un cadro verde na parte superior, sobre o cadro azul, coa mensaxe **Operación realizada con éxito**.
- En caso de erro, na aplicación xorde a mensaxe **O apartado non pasou correctamente as validacións** nun cadro vermello na parte superior. Esta mensaxe detallará os requisitos que non se cumpren e que hai que corrixir para lograr unha validación correcta do apartado.
- O botón azul **Volver** permite volver á pantalla de **Modificar programación**, para acceder a elaborar outros apartados.

Apartado 2.1 Relación e secuencia de unidades didácticas

Nesta pantalla defínense as unidades didácticas da programación.

Para cada UD haberá que indicar o seu **nome**, a **descripción** (opcional), o **número de sesións** e o **peso**.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

Ir ao apartado
2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

Datos da programación ← Despregable para poder consultar os datos xerais da programación. Por defecto aparece encartado

Centro	Ano académico	Grupo	Tipo de oferta	Modalidade
IES As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña) (15027058)	2025/2026	A	Réxime xeral-ordinario	Presencial
Estado	Data de alta	Data última modificación	Versión	Tipo de versión
En elaboración	05/08/2025	05/08/2025	1	Oficial
Réxime dual	Identificador			
Xeral				

Ensinanza	Curso/Ciclo formativo	Materia/Módulo/Ámbito	Sesiões semanais anuais	Horas da sesión	Duración da sesión	Sesiões anuais	Sesiões no centro
Graos D: Ciclos formativos	D3ADG0002 (GS) - Asistencia á dirección	MP0663 - Xestión avanzada da información (2º)	9	248	50	298	155

Curriculo da materia ← Despregar para consultar datos do currículo da materia: RA

Secuencia	* Título da UD	Descrición	*Nº de sesións	*% Peso na materia	Opcións
1	Xestión de proxectos con aplicacións de control	Esta unidade céntrase na planificación, seguimento e conxrol de proxectos administrativos mediante ferramentas específicas. O obxectivo é que o alumnado	25	15	↓ ↑ 🗑️
2	Elaboración de documentos ofimáticos integrados (I)	Nesta unidade introdúcese o uso avanzado de procesadores de texto e follas de cálculo para a creación de patróns e automatizacións dos procesos	35	24	↓ ↑ 🗑️
3	Elaboración de documentos ofimáticos integrados (II)	Profundízase na creación de documentos complexos, incluíndo combinación de correspondencia, publicación e integración de recurso web.	35	25	↓ ↑ 🗑️
4	Creación de contidos audiovisuais	Esta unidade aborda a produción de contidos audiovisuais, dende a planificación ata a edición e difusión empregando ferramentas dixitais	20	12	↓ ↑ 🗑️
5	Ferramentas web 2.0 na xestión empresarial	Explóranse aplicacións colaborativas e de comunicación baseadas na web para a xestión eficiente de tarefas empresariais	20	12	↓ ↑ 🗑️
6	Administración documental con Sistemas de Xestión Documental (SXD)	Introdúcese os sistemas de xestión documental (SXD) e os procesos de dixitalización, almacenamento e recuperación segura da información	20	12	↓ ↑ 🗑️

Engadir Gardar Validar e Gardar Volver

É obrigado cubrir os campos con asterisco (*).

Accións

- O botón **Engadir** permite crear unha nova UD (a primeira UD xa ten un espazo creado ao abrir esta pantalla). Para a nova UD deberase indicar o seu nome, a descrición (opcional), o número de sesións e o peso.
- O botón **Gardar** permite gardar os datos introducidos. É aconsellable realizar esta acción de cando en vez para non perder o xa redactado, porque a aplicación non garda por defecto.
- O botón **Validar e gardar** permite gardar os datos e ademais validar que sexan correctos. As validacións que se realizan son:
 - A suma do número de sesións de todas as UD debe ser igual ás sesións do centro, dato que aparece no primeiro despregable da parte superior desta pantalla, en **Datos da Programación**.
 - A suma dos pesos das UD debe ser igual a 100.
- Como resultado da validación:
 - Se a validación é correcta ha aparecer un cadro verde na parte superior, sobre o cadro azul, coa mensaxe **Operación realizada con éxito**.
 - En caso de erro, na aplicación xorde a mensaxe **O apartado non pasou correctamente as validacións** nun cadro vermello na parte superior. Esta mensaxe detallará os requisitos que non se cumpren e que hai que corrixir para lograr unha validación correcta do apartado.
- Nas **Opcións** de cada UD:
 - As **frechas** cara a arriba ou cara a abaixo permiten modificar a súa posición.
 - A **icona da papeleira** permite eliminar a UD.
- O botón azul **Volver** permite volver á pantalla de **Modificar programación**, para acceder a elaborar outros apartados.

Apartado 2.2 Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas

Nesta pantalla indicaranse, para cada unidade didáctica, os resultados de aprendizaxe, os criterios de avaliación, os bloques de contidos e os contidos que se van traballar.

A pantalla contén os seguintes **filtros**, que se poden combinar:

- Por **Resultado de aprendizaxe**, para ver só as UD nas que se vai traballar o RA seleccionado.
- Por **Bloque de contidos**, para ver só as UD nas que se vai traballar o BC seleccionado.
- Por **Unidades didácticas**, para ver só os elementos curriculares asociados a cada UD.

A continuación amosa a listaxe de elementos curriculares (RA e CA e BC e contidos), xunto cunha columna de caixas de verificación para cada UD. Para indicar en que actividade se traballará cada elemento, marcaranse as caixas de verificación que cruzan cada CA ou contido con cada UD. As UD dispoñibles son as creadas no apartado anterior.

2.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

Ir ao apartado: 2.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

Datos da programación Despregables para comprobar datos xa editados da programación ou das UD

Unidades didácticas Seleccionando nas diferentes opcións de abaixo modifícase a aparencia da estrutura dos datos a introducir

Resultado aprendizaxe: RA1. Xestión das facetas administrativas de proxectos empresariais

Bloque de contidos: -- Selecciona un elemento --

Unidades didácticas: ☐ UD 1 ☐ UD 2 ☐ UD 3 ☐ UD 4 ☐ UD 5 ☐ UD 6

Criterios de avaliación

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Todas	Opcións
RA1. Xestión das facetas administrativas de proxectos empresariais administrando recursos mediante unha aplicación específica de control	☒	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
CA1.1 - Elaborouse unha proposta de xestión administrativa dun proxecto acorde cos obxectivos que se pretendan con el	☒	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
CA1.2 - Definíronse as tarefas que cumpira levar a cabo relacionadas co soporte administrativo do proxecto	☒	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
CA1.3 - Identificáronse as actividades, tarefas e prazos de entrega ou finalización de cada fase dos proxectos	☒	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
CA1.4 - Xestionáronse os recursos, os requisitos (tempos, custos, calidade e recursos humanos) e os riscos derivados do proxecto	☒	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
CA1.5 - Supervisouse e revisouse cada fase do proxecto	☒	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
CA1.6 - Estableceuse a estrutura organizativa asignando os papéis e as responsabilidades	☒	☐	☐	☐	☐	☐	☐	
CA1.7 - Redactáronse e presentáronse informes aos diversos axentes interesados no proxecto (stakeholders)	☒	☐	☐	☐	☐	☐	☐	

Accións

- Marcar mediante as caixas de verificación os CA e os contidos que se van tratar en cada UD.
- Nas **Opcións** de cada CA:
 - A **icona +** permite crear **subcriterios de avaliación** (aparecerán en cor vermella).
 - As **frechas** cara a arriba ou cara a abaixo permiten mover de posición os subCA.
 - A **icona da papeleira** permite eliminar un subCA.

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Todas	Opcións
RA2. Elabora documentos integrando textos, datos, imaxes e gráficos a través das aplicacións informáticas axeitadas	☐	☒	☐	☐	☐	☐	☐	
CA2.1 - Determinouse o tipo de aplicación ofimática necesaria para a elaboración e a presentación de documentos	☐	☒	☐	☐	☐	☐	☐	
CA2.2 - Elaboráronse patróns específicos adaptados ao tipo de documento que se vaia elaborar	☐	☒	☐	☐	☐	☐	☐	
CA2.2.1 Elaboráronse patróns específicos en editores de textos	☐	☒	☐	☐	☐	☐	☐	
CA2.2.2 Elaboráronse patróns específicos en follas de cálculo	☐	☒	☐	☐	☐	☐	☐	
CA2.3 - Realizáronse as macros adecuadas para a automatización de traballos repetitivos	☐	☒	☐	☐	☐	☐	☐	

- Nas **Opcións** de cada BC:
 - A **icona +** permite crear **contidos novos** que se engadirán por defecto ao final do bloque de contidos en cor azul

Bloque BC2. Elaboración de documentos mediante a integración de textos, datos, imaxes e gráficos	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Todas	Opcións +
C2.1 - Paquetes ofimáticos: uso integrado.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	+
C2.2 - Patróns de traballo ofimático.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	+
C2.3 - Automatización do traballo: macros.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	+
C2.4 - Importación e exportación de datos a documentos.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	+
C2.5 - Traballo con gráficos.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	+
C2.6 - Web como fonte de recursos.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	+
C2.7 - Transferencia da información.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	+
C2.8 - Revisión do documento final.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	+
C2.9 - Presentación e publicación do documento final.	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	+
C2.10 Contido novo	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	

• Nas **Opcións** de cada contido:

- A **icona +** permite crear **subcontidos** que aparecerán debaixo del, en cor vermella.
- As **frechas** cara a arriba ou cara a abaixo permiten mover de posición os subcontidos.
- A **icona da papeleira** permite eliminar un subcontido.

Bloque BC2. Elaboración de documentos mediante a integración de textos, datos, imaxes e gráficos	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Todas	Opcións +
C2.1 - Paquetes ofimáticos: uso integrado.	☐	☒	☐	☐	☐	☐	☐	+
C2.2 - Patróns de traballo ofimático.	☐	☒	☐	☐	☐	☐	☐	+
C2.2.1	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	↓ ↑
C2.3 - Automatización do traballo: macros.	☐	☒	☐	☐	☐	☐	☐	+
C2.4 - Importación e exportación de datos a documentos.	☐	☒	☐	☐	☐	☐	☐	+

- O botón **Engadir bloque de contidos** permite crear un novo bloque de contidos, que se engadirán ao final da listaxe:

Bloque BC5. Administración de documentos mediante un sistema de xestión documental (SXD)	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Todas	Opcións +
C5.1 - Concepto de xestión documental.	☐	☐	☐	☐	☒	☐	+
